

***O CORVO E A VELLA***

**NOME DO DOCUMENTO:** MPG\_NoCa\_0022\_004\_id722\_D  
**AUDIO DE REFERENCIA:** MPG\_NoCa\_0022\_004\_id722.mp3

**TIPO DE DOCUMENTO:** Rexistro directo dun evento. Conto  
**MATERIAL DISPOÑIBLE:** Audio mp3 (editado e dixitalizado pola compiladora)  
 Transcripción de texto

**DURACIÓN:** 0:00:59

**DATOS DA RECOLLIDA**

- **DATA DA RECOLLIDA:** 1997
- **LOCALIZACIÓN:**
  - Lugar/ aldea/ barrio:** Fondós
  - Parroquia:**
  - Concello:** Cerdedo - Cotobade
  - Provincia:** Pontevedra
  - País:** Galicia
- **INFORMANTE**
  - Nome:** Elisea Fernández
  - Ano de nacemento:** 1923
  - Idade no momento da recollida:** 75
- **RECOLLEDOR/ORA:** Vanesa Touriño
- **COMPILADORA:** Camiño Noia Campos
- **COLECCIÓN:** Camiño Noia (NoCa)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DE CAMIÑO NOIA:**
  - Título xenérico:** O corvo co queixo na boca
  - Tipo:** Contos de animais
  - Subtipo:** Animais salvaxes
  - Referencia:** 57 AT



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

## CONTEXTO

Durante a década de 1990 até os anos 2000, a catedrática emérita e profesora de filoloxía galega María Camiño Noia Campos, dirixiu un valioso proxecto de recollida, catalogación e divulgación do conto galego de tradición oral. Neste proceso foi imprescindible a axuda do seu alumnado e de bolseiros, que se encargaron de facer as recollidas de campo gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. Os traballos, que se realizaron en Galicia e nas áreas de lingua galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres, constitúen hoxe unha testemuña única dun rico patrimonio que estaba a piques de desaparecer. O froito de traballar con todo este material plasmouse en varias obras - citadas máis abaixo na bibliografía - nas que Camiño Noia sistematizou a narrativa galega oral de acordo a criterios recoñecidos internacionalmente. Nomeadamente, a súa última obra *Catalogue of Galicia Folktales* - editada pola prestixiosa Kalevala Society de Finlandia - coloca o conto galego dentro da tradición oral europea, dándolle un espazo de referencia no folklore internacional.

O APOI dispón actualmente, grazas á cesión de Camiño Noia, dos materiais orixinais froito das recollidas: a colección completa das gravacións e as transcripcións cos datos de campo. Presentamos o seu material seguindo os criterios do catálogo tipolóxico realizado pola propia compiladora.

## NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi tomada dos documentos cedidos pola compiladora.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

## BIBLIOGRAFÍA

- NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.  
 NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratrea.  
 NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

## PALABRAS CHAVE

conto, narración, animal salvaxe, corvo, vella

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Sara Santalla Iglesias

## TRANSCRICIÓN



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Unha vez era unha vella e fixo un queixo. Estaba esperando que lle viñesen uns familiares, coidando nel, limpiándoo, e foino poñer na ventana a curar. Deixou a ventana aberta e veu un corvo e marchoulle co queixo. E despois, decíalle ela:

- Ai, que ladrón! E levoume o queixo... Mira, corviño! Se cantaras moito me había de gustar. Si cantas tan ben como es bonito, ha de dar gusto ouvirte.

Pero o corvo marchaba co queixo. Pero a vella a poder de lle decir máis veces:

- Mira que xa che digo por bonito que es, dá gusto se cantaras, había de dar gusto ouvirte.

E foi o corvo e quixo cantar e caelle o queixo do peteiro, e foi a vella e colleullo e díxolle:

- Ala! Jódete, e vaite por aí! O queixo aghora e meu.